

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NO CENTRO SOCIO-CULTURAL E AS SÚAS INSTALACIÓNS**

## **Artigo 1º Fundamento e obxecto**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Concello de Cedeira establece a taxa pola prestación de servicios no Centro Socio-Cultural e as súas instalacións, a que se refire o artigo 20.4.W da citada Lei 39/1988, na redacción dada pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas, que rexerese pola presente ordenanza fiscal, e cuías normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei reguladora das facendas locais.

## **Artigo 2º Feito imponible**

Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos seguintes servicios:

- A entrada, visita e uso das instalacións do Centro Socio-Cultural.

## **Artigo 3º Beneficios fiscais**

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos nas normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

## **Artigo 4º Suxeitos pasivos**

A.-É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que solicite a utilización das instalacións, visitas ou a prestación dos servicios suxeitos e quen as utilicen aínda sen haber obtido a preceptiva autorización.

B.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

C.-Serán responsables subsidiarios os administradores, das sociedades e dos síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

## **Artigo 5º Base imponible**

A cota tributaria determinarase mediante o sistema de cotas fixas, conforme as tarifas fixadas no artigo seguinte.

## **Artigo 6º Tarifas**

A) Entrada, visita e uso das instalacións do Centro Socio-Cultural de Cedeira:

Entrada xeral: 3 euros persoa.

1.1. Entrada reducida: 2 euros persoa.

1.2. A tarefa reducida a que se refire o apartado anterior será de aplicación nos seguintes casos:

A) Estudiantes de primaria, secundaria, titulares de carné xove, pensionistas e minusválidos.

B) Público en xeral os días que, en cada caso concreto, autorice a Comisión de Goberno.

1.3. Cota cero na entrada e visita:

A) Grupos escolares de centros pertencentes ó municipio de Cedeira, en visita previamente concertada.

B) Visitas patrocinadas polo Concello, previa resolución da Alcaldía ou Concellería de Cultura que así o declare.

1.4. Abonos: 2 euros.

Os ditos abonos entenderanse para toda a tempada da programación anual, sendo esta o resultado de multiplicar por 2 euros o número previsto de actos a desenvolver.

## **Artigo 7º Devengo**

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se solicita a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza. Nos supostos xerais de entrada, entenderase solicitada no momento de persoarse nas taquillas ou accesos manifestando verbalmente a petición. Nos supostos en que medie solicitude expresa, devengarase a taxa no momento da súa presentación.

## **Artigo 8º Normas de xestión**

A) A xestión e recadación da taxa correspondente corresponde baixo o control da Tesourería Municipal, ó servizo municipal de cultura.

B) Nos supostos de entradas para as visitas das instalacións, o pago esixirase e acreditarase por medio de boleto ou ticket que se obterá e expedirase no acceso ás instalacións e abonarase antes de ingresar nas instalacións.

Cando medie autorización previa, ó solicitar a súa concesión aboarase o importe estimado da Taxa en concepto de depósito previo. A resolución que se dicte aprobará a liquidación provisional ordenando a imputación a esta do depósito constituído ou a devolución total ou parcial desta se así procedese.

C) As cotas teñen carácter irreductible.

D) A Comisión Municipal de Goberno poderá autoriza-la celebración de convenios nos cales se reduza ata o cincuenta por cen do importe da entrada a aboar polos visitantes das instalacións no momento de acceder a elas, quedando obrigada a entidade coa que se celebre o convenio. O convenio que se celebre determinará a garantía que debe prestar a entidade para garanti-lo pago.

### **Artigo 9º Infraccións e sancións tributarias**

Para a cualificación das infraccións tributarias, asemade como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

### **Disposición final**

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, ha sido aprobada polo Concello Pleno na sesión celebrada o día 6 de febreiro de 2002, entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva co texto íntegro e producirá efectos en tanto non se acorde a súa derogación ou modificación.